

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/1	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 20:00 ata as 21:33 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MÍRIAM NAVEIRA DONO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ
Escusas de asistencia presentadas:		



1. JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN: «INCORPÓRASE ÁS 20:30»

1. MANUELA BARCIA VÁZQUEZ: «NON SE REQUIRE»

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día:

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

O Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade dos presentes, acorda a probación das actas das sesións extraordinaria e urxente e ordinaria, celebradas respectivamente o 17 e o 19 de decembro de 2019.

2.- Dación de contas das resolucións da Alcaldía.

Expediente 952/2019. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora

DEBATE

Introduce o punto Sr. Alcalde facendo referencia a que se trata da Ordenanza Fiscal que regulara o servizo de conciliación e comenta o erro material na táboa de prezos, indicando unicamente os prezos mensuais, por quendas, pero non o prezo por días soltos, individuais.

Na quenda da palabra, D^a María Beatriz especifica que entende a necesidade da corrección e reitera a postura do seu grupo en relación co resto do texto da mesma, coma se expuxo no Pleno do pasado novembro.

Igualmente, D^a María Xosé amosa esa comprensión.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, que amosa o seguinte resultado.

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto-PSOE: ausencia (abstención).

En consecuencia, apreciado o erro cometido na transcripción da táboa dos prezos



públicos fixados pola utilización dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral na correspondente ordenanza reguladora, aprobada polo Pleno en sesión ordinaria do 28 de novembro;

Visto o informe-proposta de Secretaría, de data 09/01/2020;

En virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1085, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade dos presentes, procede á adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material detectado, de forma tal que a redacción correcta e definitiva do importe dos prezos públicos fixados pola utilización do servizo de conciliación da vida laboral e familiar son os que a continuación se reflicten:

.- Importe dous prezos públicos.

As tarifas do prezo público para cada servizo son as seguintes:

SERVIZOS “TEMPOS DE CONCILIACIÓN”		IMPORTES	
<i>Servizos prestados en períodos lectivos</i>	<i>Madrugadores</i>	<i>20 € mes</i>	<i>Días soltos 2 €</i>
	<i>Tardes Divertidas</i>	<i>20 € mes</i>	<i>Días soltos 2 €</i>
<i>Servizos prestados en períodos non lectivos</i>	<i>Tempo de Nadal</i>	<i>30 € prezo total</i>	<i>Días soltos 6 €</i>
	<i>Tempo de Entroido</i>	<i>10 €</i>	<i>Prezo total</i>
	<i>Tempo de Pascua</i>	<i>15 €</i>	<i>Prezo total</i>
	<i>Campamentos de verán 1ª e 6ª quenda</i>	<i>30 €</i>	<i>Prezo total</i>
	<i>Campamentos de verán 2ª a 5ª quenda</i>	<i>40 €</i>	<i>Prezo total</i>

SEGUNDO. Expoñer ao público a rectificación efectuada, por un novo prazo de 30 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello.



Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na páxina web municipal <https://www.outes.gal/> .

Expediente 10/2020. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

DEBATE

Comeza o Sr. Alcalde aclarando que se trata da aprobación do proxecto Mellora da travesía da Serra de Outes DP - 5604 (Avenida de San Campio), obra a executar pola Deputación da Coruña, proxecto ansiado que parece que finalmente vai chegar, e entre os requisitos para a súa tramitación atópase a aprobación do proxecto por parte do Pleno, así como o resto dos puntos que constan na proposta de Alcaldía.

Aínda que destaca que si esta obra se fixera polo propio Goberno, probablemente se faría con certos cambios, por calquera “pero” nestes momentos unicamente atrasaría a súa execución, algo que non interesaría en absoluto.

Pola súa banda, a voceira do Partido Popular que salienta que esta obra xa estaba aprobada no Plan de Obras da Deputación do ano 2015, e lamenta os atrasos por parte de dito organismo na tramitación do expediente.

E a voceira do BNG, salienta que se lamenta a non intervención por parte do Concello porque deste xeito non se vai aproveitar a realización de actuacións que fíxese esta rúa “máis atractiva”, e quizais dentro de poucos anos haxa que facer unha nova inversión.

Contesta o Alcalde a complicación que tería sido coordinar dúas obras, unha por parte do Concello e outra por parte de Deputación, reiterando, como xa dixo, que lamenta non poder tido participado na redacción do proxecto xa que probablemente se así tivera sido teríanse feito cousas distintas.

Non se producen máis intervencións.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, que amosa o seguinte resultado.

- CO: 5 votos a favor



- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto-PSOE: ausencia (abstención).

En consecuencia, vista, a solicitude efectuada polo Servizo de Patrimonio e Contratación da Excelentísima Deputación da Coruña, recibida nesta Corporación con data de 30 de decembro de 2019 [2019-E-RC-4939], nos termos que figuran no expediente;

Visto o informe do arquitecto técnico municipal, no que se reflicte a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto “**MELLORA DA TRAVESÍA DA SERRA DE OUTES DP-5604 OUTES Á PEREIRA POR PESADOIRA PQ 0+000 AO PQ 0+340 (OUTES)**”;

Examinada a documentación que se acompaña, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade dos presentes, procede á adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto “MELLORA DA TRAVESÍA DA SERRA DE OUTES DP-5604 OUTES Á PEREIRA POR PESADOIRA PQ 0+000 AO PQ 0+340 (OUTES)” e autorizar á Deputación para executar as obras, facendo constar que ten sido tramitada a solicitude de cantas autorizacións e permisos sectoriais se consideran necesarios, perante os organismos correspondentes, para a súa execución, supeditando o presente acordo á súa emisión favorable.

SEGUNDO.- Declarar a conformidade coas “Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019”, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e nove de xullo do dous mil dezaseis (29/07/2016), publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 144, de 1 de agosto de 2016.

TERCEIRO.- Declarar o compromiso de aceptación da entrega das obras, unha vez recibidas pola Deputación, asumindo os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

CUARTO.- Delegar na persoa titular da Alcaldía da Corporación as facultades para



formalizar todos aqueles documentos que se deriven do presente expediente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 777/2019. Procedemento Xenérico. MOCIÓNS.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

- DO PARTIDO POPULAR:

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes e no seu nome a voceira do mesmo María Beatriz Molinos Vidal, ó amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno desta Corporación, para o seu debate e aprobación a seguinte

MOCIÓN: Limpeza dos leitos fluviais do Concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nestas últimas semanas déronse no noso Concello varias situacións de asolagamentos. Unha das máis importantes produciuse o pasado xoves día 16 de xaneiro no núcleo do Conchido, concentrándose unha gran cantidade de auga que inundou tanto os viais, facéndoo intransitables, coma algunhas vivendas e alpendres.

Sabemos, e somos conscientes, da grande cantidade de auga que as adversas condicións meteorolóxicas deixaron no noso Concello así coma en toda a Comarca.

De todos os xeitos, consideramos que o deficiente estado de limpeza que presentan os ríos que discorren polo noso territorio, particularmente o río do Rial, ten moito que ver con estas situacións anteditas. Estamos seguros de que se os ríos e regueiros estiveran mais limpos, as consecuencias destas indesexables riadas veríanse minoradas.

O noso grupo, no Pleno ordinario de outubro do ano pasado, fíxolle un rogo ó Goberno respecto a este tema, instándoos a que procedesen á limpeza dos leitos fluviais competencia do Concello. Ata o día de hoxe, non temos constancia de que ese rogo foxe atendido.

Por todo o que acabamos de expoñer requirimos deste Pleno o seguinte acordo:



ACORDO:

1.- Que o Goberno Municipal tome, con urxencia, as medidas necesarias para que se fagan as labores de limpeza dos leitos fluviais que discorren polo noso Concello e precisen dese tipo de actuacións.

DEBATE

Por parte do BNG, o Sr. Anxo Núñez, amosa o apoio do seu partido a dita moción, que tamén é unha demanda do seu partido.

Salienta a importancia desta actuación tendo en conta as condicións e previsións meteorolóxicas, e lamenta que o Concello non tivese intervido antes por razóns de urxencia e emerxencia.

Contestando, o Sr. Alcalde, coincide na gravidade do problema de asolagamento existente, que ten múltiples causas, se ben salienta que o Concello ten competencias limitadas nesta materia, pois unicamente debe limpar os cauces dos ríos nas zonas urbanas, que son moi poucas (unha zona pequena no río Tines, outra moi pequena no Rial, outra no Donas, en Pontenafonso, e despois un regueiro pequeno no Freixo). E precisase que calquera actuación que se faga a este respecto debe ter a conformidade de Augas de Galicia, e fixéronse xestións a este respecto: en agosto de 2019, tivéronse varias conversas co gardarríos de Augas de Galicia asignado a esa zona, e fíxose unha visita a finais dese mes, para apreciar o problema, que non está relacionado unicamente coa falta de limpeza, se non tamén coa acumulación de sedimentos, comprometéndose o gardarríos á emisión do correspondente informe, previa solicitude a Augas de Galicia; o 20 setembro fíxose esta solicitude a Augas, incluíndo a petición de permiso para actuar, pero non se obtivo resposta. Tamén se mantiveron conversas cos veciños. E en outubro e novembro mantívose unha nova conversa co gardarríos en relación co estado de tramitación da solicitude feita, informando da inactividade, e infórmase nos que Augas de Galicia aínda non lle remitira a solicitude de informe. O día 5 de decembro, recíbese a chamada do gardarríos para comunicar que vai acudir á zona para efectuar o informe. O 17 de xaneiro, levase a cabo a comunicación con Augas de Galicia para preguntar pola cuestión, e informan que o problema de tubaxe non afecta a Augas de Galicia, se non de Estradas, acudindo, o 21 de xaneiro, á Xefatura Territorial de Estradas, na Coruña, pola súa banda, contestan que o problema atinxe a Augas de Galicia. Por tanto sí que se fixo labor por parte do Concello, e finaliza salientando que se seguirá insistindo para solucionar o problema, grave e que está causando danos e pode ser un potencial perigo, agardando que os organismos superiores lle terminen poñendo solución.



Na segunda quenda da súa intervención, D^a María Beatriz fai referencia á limpeza durante os mandatos do PP sí se fixo en diversos ríos, calificando de desafortunada a afirmación de que durante 40 anos non se actuou en este senso. E recálcalle ó Alcalde que saben cales son as zonas nas que o Concello ten que actuar, e cales son as súas competencias, pero tamén que é o propio Concello o que debe solicitar actuacións dos organismos competentes, e isto é no que fai fincapé a moción.

Por parte do BNG reitera que non é que non se fixera nada, pero sí pouco.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto-PSOE: ausencia (abstención)

En consecuencia, a moción resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

(Incorpórase neste intre o representante do Grupo Mixto-PSOE)

- DO BNG:

1.- MOCIÓN PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a mellora da sanidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Corporación municipal do Concello de Outes está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feixóo, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todxs.



As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os municipios da Área de Sanitaria necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

SÉTIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da



Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

DÉCIMO. Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Outes á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Na súa intervención, a voceira do PP, afirma que consignas coma estas, de desmantelamento e privatización da Sanidade Pública en Galicia, non reflicten correctamente a realidade da nosa Comunidade Autónoma, lamentando que se utilice isto como ferramenta electoral, cando a realidade é que a verdade se conta con máis melloras neste eido, xa que se dedica un orzamento autonómico para o ano 2020 neste campo un 3% superior ó do ano anterior, máis de catro mil millóns de euros, que se destinará, entre outras, a distintas medidas de dotación de persoal (Plan de Atención Primaria 2019-212). Aporta unha serie de datos relativos á sanidade galega.

E con respecto ós tempos de agarda, séguese a traballar nisto, pero os datos dos últimos anos amosan a mellora nos mesmos.

En canto á concertación dos centros privados, é unha cuestión que se leva facendo desde hai décadas, dentro da legalidade e dun xeito complementario ós servizos prestados polo Servizo Galego de Saúde, salientando que durante os anos de goberno do bipartito en Galicia, a concertación aumentara ata un 44%, diminuíndo ata un 5,7 % no presente.

Por parte do Partido Socialista, afírmase a defensa do partido dos servizos e prestacións públicas. Na nosa sanidade, existen bos profesionais, pero estase desatendendo por parte da Comunidade (aporta distintos datos exemplificativos). Críticalle á moción a lonxitude da moción, xa que non está de acordo con un dos apartados presentados. No entanto, salienta que está de acordo co conxunto da mesma, polo que adianta o seu apoio.

Por parte da Alcaldía salientase igualmente o acordo co espírito da moción, de defensa da sanidade pública, de necesidade de reversión das actuacións do actual goberno galego, que é evidente que supoñen un retroceso nos recursos destinados á mesma. Igualmente, aínda que fai certas apreciacións na redacción da moción, adianta o seu apoio.

Non se produce novas intervencións por parte do Partido Popular nin do Partido Socialista, pero sí toma novamente a palabra o BNG para preguntar ó PP que, se realmente a sanidade funciona tan ben, por que se está a dar este movemento



social?

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos en contra
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto-PSOE: 1 voto a favor

En consecuencia, a moción resulta aprobada.

2.- MOCIÓN VÍA GALEGA.

- No poema ***Pra a Habana!***, a nosa poeta, ***Rosalía de Castro***, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de ***Cantares Gallegos*** este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do ***Instituto Galego de Estatística***, nos últimos 10 anos (2008-2017 -últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu ***Pra a Habana!*** a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso



relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media. Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza mingüante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os **seguintes acordos**:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.

- A Sra. Molinos intervéen referindo que non é a mellor maneira de afrontar a realidade de Galicia comparando a actual coa de fai 50 anos. Actualmente estamos ante un mundo globalizado no que están a desaparecer os muros e as fronteiras, cono novas formas de movemento dos seus cidadáns, tal e como se poden apreciar tomando como referencia os datos do Instituto Galego de Estadística, que amosan un saldo positivo.

Por outra parte, referíndonos ó PERE, Padrón de Españois que Residen no Estranxeiro, redúcese a cifra de emigrantes no 2019, e aumenta o número de galegos no exterior nados no estranxeiro con interese en conservar o vínculo con Galicia.



En canto á creación de emprego, a administración autonómica xa ten implantadas diversas medidas neste campo, salientando a inversión en industria para a creación de emprego de calidade, as medidas para a mellora da formación, etc. (aporta unha serie de datos que respaldan a súa postura)

O voceiro do grupo socialista, pola súa banda, Añón, e refírese ós máis de 10.000 habitantes que chegou a ter o Concello, tendo pouco máis de 6.000 na actualidade. Polo que se teñen que intentar aplicar solucións para que isto non suceda, amosando a conformidade coa moción, salientando a necesidade de esixir medidas tanto da Xunta de Galicia como do propio Concello.

Por parte do grupo de goberno, o Alcalde amosa o acordo co espírito da moción, novamente, salientando que a pesar de que o drama da emigración non é igual que nos tempos de Rosalía, sí é certo que segue a ser importante, posto que estamos perdendo xente moza e preparada, polo que e está a perder capital humano.

A nivel municipal, estanse poñendo en marcha políticas que van nesta liña: dotando ó Concello de servizos de igualdade e fomento de conciliación, ampliación do servizo do PAI, a posta en marcha da Axencia de Desenvolvemento Económico Local, etc.

Remata o debate coa intervención do grupo do BNG, criticando o Sr. Núñez a postura do PP, posto que os datos explicados non amosan a realidade do país. Pouco ou nada se fixo nin desde a Xunta nin desde o Concello para evitar esta situación, posto que doutro xeito é inexplicable que Outes perda tantos habitantes.

E reitera a necesidade de diálogo na Corporación coa fin de adoptar as medidas máis axeitadas a este respecto, e pide que se trate este tema con prioridade.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 abstencións
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto-PSOE: 1 voto a favor

En consecuencia, a moción resulta aprobada.



- PREGUNTAS:

- **DO PLENO DE NOVIEMBRE (Grupo Mixto-PSOE**, que se contestan no presente por ausencia do seu voceiro ó Pleno de decembro):

1) Esta previsto facer algunha actuación na estrada que vai desde San Lourenza ata Mastontán?

Está previsto, polo que tratará de incluírse en algún dos Plans a desenvolver nos vindeiros meses.

2) Cantos estudante se estima que poderán beneficiarse das axudas aprobadas e que porcentaxe vai a representar a axuda para estes?

A día de hoxe, fixéronse 28 solicitudes, das cales 19 recibiran o 100% da axuda solicitada, 5 recibirán o 70% e 4 foron denegadas por exceder os limiares de renda. Salienta o Alcalde a redución por parte da Xunta destas axudas, o que implicará a redución proporcional.

- **PREGUNTAS ORAIS DO PLENO ANTERIOR:**

- **DO BNG:**

1) Fai referencia ó problema das augas pluviais que existe en Brión de arriba, que fai que algunhas casas se estean anegando por causa das choivas que están a ter lugar. Tense previsto facer algún outro tipo de actuación e, se é así, cando e que se vai a facer?

- Contesta D^a Alba Quintela que si que estaban previstas nese momento actuacións, xa feitas neste mes de xaneiro, abrindo unha gabiá para a canalización das augas e procedendo logo ó cementado.

2) É certo que a día de hoxe o goberno actual conta con un vínculo contractual existente en calidade de servizo de asesoría xurídica e defensa con algún tipo de entidade xurídica?

Contesta o Alcalde que sí, actualmente cóntase cun vínculo xurídico co avogado D. Xaquín Enrique Monteagudo Romero, desde o 29 de agosto de 2019, por medio dun contrato menor, asesoría xurídica que se viña facendo xa nos últimos anos.

3) No último mes o Concello organizou un concurso de escaparates de Nadal; é isto o único que o goberno ten pensado facer para impulsar o comercio local?

Comenta o Sr. González que verdade é que foi positivo este concurso, con moitos participantes, se ben si se están poñendo en marcha políticas de apoio non solo ó comercio local se non a todos os sectores económicos, entre outras, por exemplo, a contratación dun AEDL.



4) Este ano por primeira vez no programa de Nadal se inclúe a visita do “Apalpador”, pero só ó colexio, pero tamén por primeira vez na Praza do Bosque se fai unha visita de Papá Noel; si se está apostando pola figura galega, para o ano que vén farase o mesmo?

Apostar pola figura do “Apalpador” non exclúe facelo cunha figura consolidada.

5) Tendo en conta a forma de proceder do goberno no Pleno anterior, en relación coas escaleiras do Albán, ten pensado o grupo de goberno desculpase e, se é así, cando?

Non estima oportuno o Sr. Alcalde desculpase por defender a postura do goberno e facelo de xeito democrático e, en todo caso e se é necesario nun futuro, asumiranse responsabilidades.

6) A propósito da pregunta anterior, solicítase que o Alcalde leve a cabo unha definición de “codeseño”.

Defíneo o Alcalde como “deseñar conxuntamente, de forma participativa e como calquera acción participativa, entendemos que para chegar a bo porto, precísase confianza mutua”.

- PREGUNTAS ORAIS, A CONTESTAR NO PLENO SEGUINTE:

- DO PP:

1. Cal foi a razón pola que as subvencións destinadas ás asociacións culturais e deportivas do ano 2019 non se tramitaron e se executaron en ese ano e se atrasaron ata o ano en curso?
2. Cal é o motivo polo que os talleres que están a ter lugar para facer os traxes do entroido non se están a levar a cabo en todas as parroquias?
3. O 24 de xaneiro por Decreto de Alcaldía adxudicouse un contrato menor de obras para que a empresa adxudicataria levase a cabo un servizo denominado “Apertura, arranxo e limpeza de cunetas de estradas municipais” por un valor de 16.933,95 euros, polo que queríamos preguntar cales son as cunetas nas que se vai actuar e cal é o prazo de execución.
4. Na mesma data, noutro Decreto, levouse a cabo a aprobación do proxecto de obra “PAVIMENTACIÓN EN PUMAR, CURES E BROÑA”, para a solicitude de da subvención “Mellora de infraestruturas, dotacións instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais”, outorgada pola Xunta de Galicia, polo que queríamos saber cal é o tramo viario, cal é o tipo de pavimento, e demais solucións construtivas desta obra.
5. Na pasada lexislatura o Concello de Outes acolleuse ó desconto do 10% que SOGAMA ofrecía ós Concellos adheridos. En que situación se atopa a reversión da bonificación dos recibos dos veciños, derivada desa adhesión?



- DO BNG:

1. No pleno ordinario de outubro, aprobouse unha moción do BNG sobre o transporte municipal, e o que antes era importante, agora é unha urxencia. Neste mes de xaneiro saíu a concurso de liñas de transporte da Xunta de Galicia, onde se van a suprimir todas as liñas onde non haxa usuarios de ensinanza obrigatoria, polo que moitos lugares e familias non terán transporte para chegar ós seus fillos ós institutos de bacharelato. Son coñecedores desta situación? Teñen pensado actuar de algunha maneira, incluso asumindo os custos de ditas liñas? Que solución lle imos a dar isto?

- GRUPO MIXTO -PSOE:

1. Houbo algún problema no pozo de bombeo que hai na parroquia de San Cosme, xusto antes da baixada á Barquiña?
2. Algúns veciños de Lestaio querían legalizar o rexistro de augas; está aprobado en Pleno que o Concello fixese algunha actuación neste senso, estanse a levar a cabo algunhas delas que poidan incidir nas instalacións dos viraventos?
3. Con respecto ós eólicos, por que é o correcto esperar ó tramite de alegacións e non facelo antes?

- ROGOS:

- PP:

1. Os usuarios da estrada que vai de Entíns a Fontenlos fixeron o seu malestar polo estado de limpeza desta vía, polo que se roga que se tomen as medidas necesarias para que se poida circular normalmente por ela.
2. É un rogo feito xa en novembro, relativo ó espello de tráfico instalado no cruce de Viro coa estrada que vai a San Cosme, que está en moi mal estado, polo que se roga de novo a súa solución.
3. As fochancas que están na ponte que vai por encima do viaduto, que si se arranxaron, pero volve a estar na mesma situación, polo que se pide unha máis definitiva.
4. Veciños da parroquia de Cando, trasladan que vanos da ponte están completamente atrancados por polas que baixaron polo río Donas, polo que se roga que se arranxe esta incidencia.

- DO BNG:

1. Dende o comezo do mandato o BNG ten aprobadas 11 mocións (fai unha enumeración). Rógase que as iniciativas se fagan de acordo co acordado e se manteña comunicación co resto dos grupos políticos.
2. Foron moitas as queixas dos veciños na organización da cabalgata de Reis, entre outras, a exclusión da banda de música municipal e da participación veciñal. Rógase que se tome nota dos erros e se faga un maior esforzo nos vindeiros anos.
3. Facendo referencia ó rogo anterior, agardouse que se apoiasen e promocionasen as institucións locais durante o mandato, tal e como se comprometeron a facer, entre



outras, a banda municipal, institucións que non poden continuar sen o apoio do Concello. Lonxe disto, a súa situación empeorou, xa que nos últimos meses os mestres sofren un amplo atraso no pagamento das facturas polas súas clases. Rógase que non se exclúa de mais eventos á banda e se solucionen os asuntos económicos con este organismo.

- DO PSEO:

1. Dende fai 4 ou 5 anos, sendo aínda Alcalde Carlos Crespo, un veciño de Ribademar ven pedindo o arranxo da entrada da súa casa. O propio veciño se ofreceu a arranxalo, pero isto denegóuselle porque evidentemente é unha actuación que ten que facer o Concello. Desde o grupo socialista pediuse que se metese no Plan da Deputación, pero como isto non foi atendido, formúlase como un rogo.
2. Que se arrombe a zona de abaixo na punta de Ceilán, tanto no público como no privado, requiríndolle ós donos da casa caída que leven a cabo as actuacións que se estimen necesarias, porque aquilo é un foco de infeccións.
3. No Cruceiro de Roo, no cruce da Igrexa, baixa a auga polo medio da estrada, polo que se roga que se adopten medidas para previr estas situacións con mantementos axeitados.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos.

Finaliza a sesión ás 27:33 do que, como Secretaria, dou fe.

A gravación do presente Pleno pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=Wn8EDUaHDYQ>

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4MJRE8KRJKK4F49YN355537TN | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17